



BOP

MÉRCORES, 19 DE FEBREIRO DE 2020

N.º 041

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Jaime Dovale Verdeal solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.68179.

As obras solicitadas consisten na execución dun muro de peche na finca de referencia catastral 000705300PJ13A0002AZ, na zona de policía do rego de Bravos, no lugar de Baralla, na parroquia de Galdo, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 12 de febreiro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0342

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Hotel Hermanos Irimia Rega S.L. solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.67496.

As obras solicitadas consisten na demolición de edificacións conservando a fachada, na rúa Avelino Montero Villegas, nº 17; na zona de policía de leitos do rego Arroxo e do rego Recemil; no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 11 de febreiro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0343

CONCELLOS

O PÁRAMO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o orzamento para o exercicio económico 2020, en cumprimento do artigo 169.3 do RD. Legislativo 2/2004, faise público según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	502.145,31
CAPÍTULO II: Gastos en BensCorrentes e Servizos:	339.150,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros:	2.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes:	36.688,30

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: InversiónsReais	158.526,40
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	0,00

TOTAL: **1.038.510,01**

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Impostos Directos	294.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	40.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	129.410,01
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes:	546.900,00
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais:	2.700,00

B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	25.500,00

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00

TOTAL: **1.038.510,01**

Na referida sesión tamén se aprobaron as bases de execución, o cadro de persoal, dacordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducíndose a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	Nºde prazas	Grupo	Escala	Subescala	Situación
Secretario-Interventor	1	A ₁	Habilitación nacional	Secretaría-Intervención	Cuberta en propiedade
Auxiliar administrativo	2	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Cuberta en propiedade
Conserxe	1	A.P.	Administración Xeral	Subalterno	Cuberta en propiedade

B) PERSOAL LABORAL

Denominación do posto de traballo	Nº de dotacións
---OFICIAL 1ª DE OBRAS.	1
---OFICIAL 1ª DE SERVIZOS.	1
---A.E.D.L.	1
---AUXILIARES AXUDA A DOMICILIO.	8
---LIMPADORA.	1
Prevese o gasto para a substitución da limpadora de edificios municipais e as auxiliares de axuda a domicilio.	
Na presente relación non se inclúe o persoal a incluír vía modificación orzamentaria.	

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderase interpoñer directamente recurso Contencioso-Administrativo, na forma e prazo que establecen as normas de dita xurisdicción, de conformidade co disposto no art.171.1 do RD.2/2004. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Páramo, 7 de Febreiro de 2020.- O Alcalde, José Luis López López

R. 0344

PEDRAFITA DO CEBREIRO

*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (CATRO PEÓNS) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2019**

POSTO DE TRABALLO: Catro Peóns

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 10 de febreiro de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0328

A POBRA DE BROLLÓN

Anuncio

Con data vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte, en sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local, aprobáronse as bases e a convocatoria correspondente ao proceso selectivo para a cobertura interina dunha praza de traballador social por excedencia do titular e mentres dure esta, mediante o sistema de OPOSICIÓN LIBRE.

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello da Pobra do Brollón <http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>. no enlace <http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es//info.0>

As persoas interesadas en participar nestas probas selectivas deberán facelo mediante una instancia dirixida ao Alcalde do Concello da Pobra do Brollón, que se presentarán na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O modelo de instancia publícase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello ou pode solicitarse nas oficinas do concello.

A Pobra do Brollón, 05 de febreiro de 2020.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 0345

RÁBADE*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **12 de febreiro de 2020** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xaneiro de 2020**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 12 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0346

RIOTORTO*Anuncio*

Vistos pola Xunta de Goberno Local o padrón do canon da auga de vivendas sen contador da zona rural durante o ano 2019, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobado.

Contra o acordo de aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do termo do período de exposición pública do padrón e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa, ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario entre o 17 de Febreiro e 17 de Abril.

A falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública do padrón e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 12 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0347

O SAVIÑO*Anuncio*

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos a AUGA, LIXO (urbán) e SUMIDOIROS correspondentes ao 3º bimestre do exercicio 2019, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 10 de febreiro do 2020.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (Praza de España, 1)

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 2 de marzo de 2020 ao 20 de abril de 2020.

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Contra o presente acto que pon fin a vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñer:

1. Recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
2. Ou ben, directamente, reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

O Saviñao, 12 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0348

O VALADOURO

Anuncio

Por acordo do Pleno da Corporación adoptado na súa sesión ordinaria celebrada na data 07 de novembro de 2019 procedeuse a prestar aprobación á aceptación da encomenda de xestión efectuada polo Concello de Alfoz para a tramitación do expediente de contratación do servizo de actividades deportivas, tempo libre e lecer co seguinte contido:

ASUNTO NÚMERO CATRO: APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DO CONCELLO DE ALFOZ PARA A XESTIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, TEMPO LIBRE E LECER.

Ante o Pleno da Corporación dáse conta da Providencia da Alcaldía, que xa teñen os Sres. Concelleiros entre a documentación remitida dos asuntos a tratar nesta Sesión e cuxo contido é o seguinte:

"Visto que esta fórmula de colaboración entre ambos Concellos ten antecedentes xa non só neste ámbito, senón tamén no eido do servizo de socorrismo, da prestación do servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia no da recollida de residuos sólidos urbanos, supoñendo un aforro xa non só de trámites procedementais senón tamén económico para ambos concellos, podendo obter do mercado unhas mellores ofertas económicas e de calidade do servizo que de ser licitados por separado.

Entendendo que no último proceso de este tipo, o da licitación do servizo de axuda no fogar, foi o Concello de Alfoz quen asumiu a tramitación do procedemento, propónse agora polo Concello de O Valadouro, a asunción da tramitación do citado procedemento, para que O Pleno da Corporación acorde, se procede, que se efectúe dita xestión conxunta, que deberá ser no seu caso formalizada.

Visto que o Concello de Alfoz en sesión plenaria de data 27 de setembro de 2019, adoptou Acordo prestando aprobación á encomenda de xestión entre os Concellos de Alfoz e Valadouro, para a licitación conxunta do servizo de actividades deportivas, tempo libre e lecer de ambos os dous Concellos, na que se propón un borrador de documento de formalización aos efectos de ser aprobados, no seu caso, polos Plenos de ambos concellos, pola súa banda o Señor Alcalde Presidente do Concello de O Valadouro propón ao Pleno da Corporación a aprobación do borrador de Convenio co seguinte contido:

"CONVENIO DE DELEGACIÓN REALIZADO POLO CONCELLO DE ALFOZ NO CONCELLO DE O VALADOURO PARA A CONTRATACION CONXUNTA DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE TEMPO LIBRE E DE LECER DOS CONCELLOS DE ALFOZ E O VALADOURO"

No Concello de O Valadouro a de 20...

REUNIDOS, Os Sres. Alcaldes dos seguintes Concellos:

-Concello DE ALFOZ: D. JORGE VAL DIAZ

-Concello DE O VALADOURO: D. EDMUNDO MASEDA MASEDA .

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1995, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/7997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA). Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, logo dos acordos adoptados polos respectivos plenos, e para o efecto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Lei 7/7985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. No apartado segundo se indica que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas nas seguintes materias:

(...)

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre(..)

o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Visto o indicado no artigo 1 da Lei 3/2072, de Deporte de Galicia, en canto son competencias das entidades locais nesta materia as seguintes: " Os municipios, nos termos que dispón a presente lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

-Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.

-Promover e, no seu caso, executar no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas. (..)

8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.

9. Calquera outra actuación que redunde no beneficio do desenrolo deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa a os fins ou obxectivos da presente lei.

Polo que respecta ás actividades vinculadas co sector de idade infantil en etapa preescolar ou escolar, fóra do ámbito competencial educativo, se entende que os servizos prestados polos Concellos para os citados sectores de idade se atopan amparados e implícitos na competencia prevista no artigo 25.2

o) Actuacións en la promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero, na medida en que dentro das actuacións de promoción da igualdade está a conciliación da vida familiar, laboral e persoal como estratexia para a consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres, tal e como se desprende do artigo 14.8 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, con maior incidencia se cabe no ámbito rural de conformidade co artigo 30 da citada norma:

Artigo 14. A os fins desta Lei, serán criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos :(..)

8. O establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e os homes, así como o fomento da corresponsabilidade nas labores domésticas y na atención á familia.(..)

SEGUNDO.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, a intención do lexislador estatal e autonómico non é outra que o fomento da prestación conxunta de servizos en termos de sustentabilidade económica, neste senso a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público indica que as Administracións públicas facilitarán preferentemente a prestación conxunta de servizos aos interesados.

TERCEIRO.- De conformidade cos artigos 794 e 195 da Lei 5/7997, de Administración Local de Galicia, as relacións de colaboración e cooperación entre as administracións locais de Galicia poderán realizarse mediante a subscrición de convenios.

CUARTO.- Como precedentes, no último lustro foron varias as experiencias compartidas entre ambos Concellos en orde á celebración deste tipo de Convenios, sendo o máis recente a asunción polo Concello de Alfoz da licitación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, se entende que agora é conveniente e oportuno formalizar convenio de encomenda de xestión da contratación conxunta do servizo de actividades deportivas, de tempo libre e de lecer no Concello de o Valadouro, a fin de xestionar de maneira eficiente os medios persoais de carácter técnico, por unha banda, e a fin de poder obter un mellor prezo na licitación ao sacar en conxunto as horas asinadas ao servizo referido.

QUINTO.- Faise preciso a aprobación dun convenio de colaboración que, nos termos indicados, regule a citada encomenda de xestión, de conformidade co indicado no artigo 77 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector público.

SEXTO. - Por todo o anterior, e á vista do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Alfoz de data 27 de setembro de 2019 e polo Pleno do Concello de Valadouro de data 07 de novembro de 2019, os Concellos asinantes FORMALIZAN encomenda de xestión de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Natureza e obxecto.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do Sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Cómprese as condicións ditadas ao efecto polo parágrafo 1º do citado artigo na medida en que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideración relacionadas co interese público.

Enténdese que o Convenio supón a formalización do acordo de encomenda de xestión efectuada ao abeiro do artigo 11 da Lei 40/2015, do Sector público.

O obxecto do presente convenio é a delegación por parte do Concello de Alfoz no Concello de O Valadouro da contratación do servizo de actividades deportivas, de tempo libre e de lecer de ambos Concellos.

A delegación alcanza todos os actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal do servizo de tal forma que os respectivos contratos de servizos formalizaranse entre a empresa adxudicataria e cada un dos Concellos integrantes da contratación.

A encomenda non afecta á prestación do servizos deportivos, de tempo libre e de lecer de cada Concello, nin ao réxime de financiamento do mesmo.

Segunda.- Ámbito Territorial.- Recóllese a encomenda de xestión para a tramitación do expediente de licitación do servizo de actividades deportivas, de tempo libre e de lecer prestado nos termos municipais de ALFOZ e O VALADOURO.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.- O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación do servizo público en termos de economicidade e sustentabilidade financeira.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles.
- Garantir a consecución do fin común de optimización dos bens de dominio público.

Cuarta .- Compromisos das partes.

Concello DE ALFOZ

O Concello de Alfoz asume as seguintes actuacións:

1-Facilitar ao Concello de O Valadouro canta documentación e información se sexa precisa en calquera das fases do procedemento de licitación para unha correcta tramitación do mesmo.

2-Formalizar o contrato coa empresa que resulte adxudicataria da contratación efectuada polo Concello de O Valadouro nos termos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

3-O Concello de Alfoz obrígase a manter o contrato coa empresa que resulte adxudicataria no prazo que se estableza nos pregos, que serán por dous anos prorrogables por outros dous máis, hasta un máximo de catro anos.

4-O Concello de Alfoz colaborará na formación da Mesa de Contratación mediante a designación de persoal funcionario .

Concello DE O VALADOURO.

O Concello de O Valadouro comprométese a:

1-Exercer a competencia delegada nos termos deste convenio mediante a tramitación do expediente de contratación de forma conxunta, con plena suxeición á normativa aplicable.

2-A facilitar durante a tramitación do expediente, canta información sexa requerida polo Concello de Alfoz sobre o estado de tramitación do mesmo e calquera outra derivada do expediente.

Quinta.- Consecuencias ao incumprimento.- No suposto de que calquera dos Concellos incorran en incumprimento de algunha das obrigas e compromisos recollidos no presente Convenio que afecten de maneira directa ou indirecta á correcta tramitación do expediente de licitación e, no seu caso, liquidación, iniciárase procedemento contraditorio no que se exporán os supostos de incumprimento, a avaliación económica dos mesmos e a determinación de causa de resolución do mesmo, coas esixencias de responsabilidades que no seu caso se deriven.

Sexta.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Con independencia dos procedementos contraditorios de resolución de discrepancias indicados no presente convenio, establécese que se formará unha Comisión de Seguimento, formada polos Alcaldes de ambos Concellos que celebrarán reunións de maneira alterna nas sedes dos respectivos Concellos, asistidos no seu caso polo funcionario que desempeña a Secretaría-Intervención do Concello de O Valadouro, e actuando como suplente o funcionario que desempeña o mesmo posto do Concello de Alfoz. Celebrarán as súas reunións no prazo máximo de dez días hábiles dende a convocatoria da mesma por calquera dos representantes do Concello, e poderán solicitar a asistencia do persoal vinculado ao servizo de ser preciso. Na convocatoria especificarase a orde do día e o asunto a dirimir.

Corresponde á citada Comisión a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse da execución deste convenio.

Sétima.- Réxime de modificación.- A modificación do presente Convenio requirirá a aprobación por acordo Plenario de ambos Concellos, previa proposta de modificación aprobada polo órgano de supervisión e informada xurídica e economicamente polos servizos de Secretaría-Intervención de ambos Concellos.

Oitava.- Prazo de vixencia.- Este convenio xurdirá efectos a partir da data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata a finalización do expediente de contratación.

Novena.- Causas de resolución.- O presente convenio resolverase por:

- a) Denuncia unilateral con previo aviso de tres meses ou mutuo acordo, previa concorrencia do cumprimento dos trámites indicados para a modificación.
- b) Por incumprimento grave e reiterado total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia
- d) A paralización do procedemento de licitación que impida a adxudicación definitiva do contrato no prazo máximo de seis meses dende a sinatura do presente contrato.

Décima.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, polo Concellos implicados, e no caso de non chegar a un acordo, as partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data indicado no encabezamento."

Sometida á consideración dos señores Concelleiros a proposta da Alcaldía, O Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO: Prestar Aprobación a mesma por unanimidade dos once membros presentes dos once que legalmente compoñen o Pleno da Corporación.

SEGUNDO: Facultar ao Sr. Alcalde do Concello de O Valadouro para a sinatura do devandito Convenio como documento de formalización da aceptación da encomenda de xestión.

De conformidade co artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sométese a información pública polo prazo de vinte días, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

O Valadouro 12 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0349

VILALBA

Anuncio

Faise público que S. S^a a alcaldesa, dona Elba Veleiro Fernández, mediante o decreto núm. 39 de data 10/02/2020, dictou a seguinte resolución:

"Contratación e nomeamento de persoal eventual. Expte. 486/2020.

Visto o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 4/07/2019, publicado no BOP n.º 157 de 10/07/2019, no cumprimento do estipulado no art. 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, ó respecto da modificación inicial do cadro de persoal aprobado co vixente orzamento municipal, mediante a creación dunha praza de persoal eventual e do seu réxime retributivo, destinada á función de servizos xerais deste Concello, cunha xornada laboral completa e unha retribución anual bruta de 25.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro, elevándose o acordo a definitivo mediante a súa publicación no BOP n.º 184, de 12/08/2019, así como no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia municipais.

Visto o art. 104.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que dispón: "O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ó alcalde ou ó presidente da Entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento."

Vista a miña intención de cubrir a citada praza de persoal eventual, designando a don Duarte Barrio Rego, con DNI n.º xxxC, co fin de desempeñar as súas funcións na área da alcaldía deste Concello, cunha xornada laboral completa desde o día 10/02/2020 e con efectos desta mesma data, e cunha retribución anual bruta de 25.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

Visto o informe confeccionado o día 10/02/2020, en sentido favorable, pola interventora municipal.

Visto o artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, mediante o cal se establece, con carácter básico, o réxime xurídico do persoal eventual, e dispónse que as leis de función pública que se diten, en desenvolvemento do referido Estatuto, determinarán os órganos de goberno das Administracións Públicas que poderán dispoñer deste tipo de persoal.

Vistos os artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 4, 29 e 30 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, todos eles dedicados ó persoal eventual das entidades locais, e de acordo coas facultades conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro: Nomear a don Duarte Barrio Rego, con DNI n.º xxxC, para cubrir a citada praza de persoal eventual, co fin de desempeñar as súas funcións na área da alcaldía deste Concello, cunha xornada laboral completa desde o día 10/02/2020 e con efectos desta mesma data, e cunha retribución anual bruta de 25.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro. Procederese, nesta mesma data, á afiliación do designado á Seguridade Social, no CCC 27/000078862, grupo de cotización 5.

Segundo: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no cumprimento do disposto no art. 104 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Terceiro: Publicar semestralmente na sede electrónica do Concello de Vilalba e no Boletín Oficial da Provincia, o número dos postos de traballo reservados a persoal eventual e informar ó Pleno, por parte da alcaldía, do cumprimento do previsto neste artigo.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo ó Pleno e ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a súa notificación ós terceiros interesados no expediente."

Vilalba, 11 de febreiro de 2020, A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0350

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01257

PETICIONARIO: Héctor Pérez Ramos

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en San Paio de Arcos

LOCALIDAD: Arcos (San Paio)

TÉRMINO MUNICIPAL: Castroverde

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego de San Paio/Pontecela de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en San Paio de Arcos" - "Héctor Pérez Ramos", con un volumen máximo anual de 489,00 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa con filtro biológico integrado.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 12 de febreiro de 2020.-EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0351

NOTARÍA

Anuncio

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,
HAGO CONSTAR

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia del causante DON FRANCISCO RAMOS GALDO.

Que entre los herederos del citado causante se encuentra el siguiente o sus herederos:

DON RAMON RAMOS GALDO, con paradero desconocido.

Que se le comunica a dichos interesados o a cualquiera que tenga interés en dichas herencias lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle gran vía, nº9-bajo de la villa de sarria, en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, veinticuatro de enero de dos mil veinte.

R. 0352